Comisariado:
Antón Patiño

Coordinación e montaxe:
Braulio Vilariño
Susana Varela

Depósito Legal LU 59-2021

Instituto de Estudos Ulloáns
www.ieu.gal | institutoulloa@gmail.com

Castelo de Pambre (Palas de Rei - Lugo):
de 12:00h a 14:00h e de 16:00h a 20:00h
luns pechado
tfno. 628 262 251

Deseño e maquetación: Azu Souto

Antón Patiño

CARTOGRAFÍA SIMBÓLICA

2021 | Do 8 de maio ao 30 de xuño

Dende o Instituto de Estudos Ulloàns traemos nesta ocasión a esta sala unha mostra moi especial un dos artistas galegos máis relevantes e internacionais da arte comtemporánea, Antón Patiño.
Chega esta exposición logo dunha longa espera e sucesivos aplazamentos por mor da pandemia. Mais agora neste rexurdimento primaveral énchenos de orgullo a toda a Ulloa a sua presenza nesta torre tan icónica, Pambre.

SALA DE EXPOSICIÓNS CASTELO DE PAMBRE

XUNTA DE GALICIA
X21 22
ieu INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS
CONCELLO DE PALAS DE REI
oca HOTELS RÍO PAMBRE BALNEARIO
GADISA
granja Campomayor
JIM SPORTS GRUPO

Antón Patiño, artista visual e autor de diversos libros de ensaio artístico e teoría da imaxe, participou activamente no despertar cultural de Galicia e na renovación da arte española dos anos oitenta.

Entre 1974 e 1979 foi alumno da Escola de Belas Artes de Madrid, colaborando nos anos setenta coa revista Loia e participando nas actividades do *Grupo de Comunicación Poética Rompente* de Vigo.

Dáse a coñecer no panorama artístico galego como un dos promotores de Atlántica. As exposicións deste movemento da vangarda galega dos oitenta repetían moitas características das mostras de arte que se estaban a desenvolver na Praza da Princesa de Vigo desde 1968, onde Patiño estableceu relación con moitos dos compañeiros que o acompañarán na experiencia fundacional do movemento.

As mostras do colectivo *Atlántica*, celebradas entre 1980 e 1983, obtiveron unha gran repercusión e foron unha chamada de atención sobre a marcada precariedade institucional en Galicia no que á cultura contemporánea se refire. *Atlántica* nacía así da vontade de articular canles de exhibición, reunindo a creadores galegos de diversos ámbitos e xeracións que supuxeron un pulo novo á cultura galega.

A obra de Patiño aproxímase ao informalismo español e ao expresionismo abstracto norteamericano. Tamén presta atención á tradición plástica galega e é herdeira do traballo de artistas como Luís Seoane ou Reimundo Patiño. A súa pintura foi cualificada polo crítico Donald Kuspit como *«expresionista conceptual»* por estar nutrida dunha abstracción protagonizada por enerxías contraditorias, fusionando xestos co simbolismo.

Susana Varela Negro

Das profundidades oceànicas extrae Antòn Patiño o caldo esencial pra engadirllo òs minerais da Mesopotamia Atlàntica, savias de vides vellas e resinas de teixos centenarios serven pra fixar os seus soños e pensamentos en albos planos.

Braulio Vilariño

A exposición "Cartografía simbólica" (no Castelo de Pambre) desenvolve unha achega ao proceso de creación na pintura de Antón Patiño. Recolle obras de distintos momentos e tamén debuxos que amosan o evoluir do seu intinerario creativo. A escrita das árbores, a teoría do rostro, as esculcas ao redor do límite, a pulsión oceánica, a orixe líquida das imaxes, traxectos dun recendo onírico, o sentimento deconstrutivo da complexidade. Signos-raíz e mapas neuronais nun urdido expresivo. Ritmos e texturas onde a pintura xorde como escrita sensorial. Inventario de fluidos e transparencias, superposicións visuais, grafismos que se entrelazan nun labirinto pulsional. A escrita-pintura de Antón Patiño expresa un microcosmos en ebulición que figura reflectir as convulsións do real, o ecoar perceptivo dun universo inestábel.

O artista vén de realizar unha das mostras mais completas da súa traxectoria no CGAC ("Caosmos"). A presente exposición no Castelo de Pambre complementa unha dimensión documental, con debuxos, libros e pezas obxectuais que axudan a entender os vieiros da creación dun dos artistas galegos máis relevantes e que ten unha notábel produción literaria no eido do ensaio.

Antón Patiño naceu en Monforte de Lemos (1 de xaneiro do 1957). O seu último libro sobre teoría da imaxe é "De dónde vienen las imágenes" (Fórcola Ediciones) onde xa publicara "Manifiesto de la mirada" e "Todas las pantallas encendidas". En Galicia, na editorial Elvira, apareceu hai pouco "Libro dos lugares 2" e prepara a publicación do novo libro "A mirada atlántica".

Antón Patiño